



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº /2020 para CORRECCIÓN DE ERROS

Corrección de erros da Resolución de Alcaldía de data 20 de outubro de 2020, que aproba as bases reguladoras do proceso de selección de persoal encamiñado á contratación de catro peóns de obras como “Operario de Servizos múltiples”, por un período de seis meses, e dun Auxiliar Administrativo por idéntica duración, ao abeiro do Programa FOMENTO DO EMPREGO 2020 (Excma. Deputación Provincial de Lugo)

Advertidos diversos erros na referida Resolución, procede realizar as seguintes correccións:

No apartado 4, onde di:

*En cumprimento do reflectido na cláusula. 7ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, “e imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada”*

Debe dicir:

*En cumprimento do reflectido na cláusula. 7ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, “e imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego, con independencia de que a xornada de traballo sexa parcial ou completa.*

No apartado 5 (Publicidade), onde di:

*Estas bases publicaranse, dacordo co establecido na cláusula 7.2 das Bases reguladoras do Plan único 2019, na páxina web da Excma. Deputación de Lugo, alomenos dez días antes da súa publicación na páxina web do Concello de Negueira de Muñiz. Asemade se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello. A convocatoria do procedemento tamén se fará pública no Boletín Oficial da Provincia (BOP Lugo*

Debe dicir:

*Estas bases publicaranse na páxina web da Excma. Deputación de Lugo, e na páxina web do Concello de Negueira de Muñiz aos efectos de informar a cidadanía dos postos ofertados, tipoloxía elixida para o procedemento de selección así como calquera outra documentación relacionada co mesmo. Asemade se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello. A convocatoria do procedemento tamén se fará pública no Boletín Oficial da Provincia (BOP Lugo*





CONCELLO de NEGUEIRA de MUÑIZ

---

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira, na data da sinatura electrónica situada ao marxe, do que eu, D. Alejandro Maseda Mallo, como Secretario-interventor deste Concello, dou fe..

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: AL3ASCDF73JWSNF4G2Q9F42XG | Corrección: <https://negueirademuniz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2